

EXTRACTO DO BORRADOR DA ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

26 de maio de 2016

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas do día vinte e seis de maio de dous mil dezaseis; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras SR. DON JAIME CASTIÑEIRA BROZ, SRA. DONA ANA MARÍA LÓPEZ POMBO, SRA. DONA MARÍA ENCARNACIÓN AMIGO DÍAZ, SR. DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, SR. DON ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ, SR. DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ, SRA. DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES TEIJEIRO GONZÁLEZ; ILMA. SRA. DONA ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico; ILMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes; ILMA SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; ILMA SRA. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión; ILMO. SR. DON XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal; ILMA SRA. DONA ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía; ILMO. SR. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, SR. DON SANTIAGO CELSO FERNÁNDEZ ROCHA, SRA. DONA MARÍA CRISTINA PÉREZ HERRÁIZ, SR. DON IGNACIO JAVIER GARCÍA GÓMEZ, SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, SRA. DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, SRA. DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ, SR. DON JESÚS EXPÓSITO LÓPEZ e SR. DON CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído a presidenta.

Non asiste a SRA. DONA MARÍA DEL CARMEN PENELAS CELEIRO nin a SRA. DONA ISABEL DEVESA PIÑEIRO, que xustifican a súa ausencia.

Dá fe do acto a Vicesecretaria da Corporación, dona María García Ferro, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Marcial Rodríguez Toajas.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap06

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-5-2016

Aberto o acto pola Presidencia, manifesta que na Xunta de Portavoces se decidiu traer a este Pleno a seguinte Declaración Institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA SUMAR O CONCELLO DE LUGO AO PROXECTO APEGO.- O proxecto APEGO é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial. Creado dende os servizos de normalización lingüística de Ames, a Baña, Carballo, Carnota, Ferrol, Narón, Negreira, Ourense, Pontevedra, Redondela, Rois, Santiago de Compostela e Vigo e máis da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua. O principal obxectivo desta iniciativa é dispoñer de ferramentas para as familias que queren que a lingua galega forme parte da súa vida, de cara a axudar a socializar en galego os nenos e nenas entre 0 e 6 anos.

O galego, como todas as linguas que non son artificiais, é un reflexo da historia enteira deste lugar do mundo. Garda a memoria dos pobos que pasaron por esta terra; das vitorias, das derrotas e das alianzas que nos foron definindo como pobo. A lingua é a nosa marca de identidade, a nosa creación colectiva. É o noso privilexio e o noso orgullo. Pertécenos e tamén lles pertence aos nosos fillos e ás nosas fillas.

O futuro do galego está en nós, os e as falantes. A lingua galega, como todas as linguas, é unha creación colectiva. Pertécenos a todas as persoas que vivimos aquí; e nosa é a responsabilidade de que siga vizosa no futuro. Recibimos un legado único no mundo, e temos a responsabilidade de mantelo en condicións adecuadas e de transmitilo. As linguas só perviven se os seus falantes deciden usalas. A nosa lingua só ten futuro nos nosos fillos e nas nosas fillas, os e as falantes de mañá.

Precisamente de cara a fomentar que as nenas e nenos teñan a capacidade e coñecemento para nun futuro seren libres de poder falar na lingua galega, o Concello de Lugo debe sumarse ao maior número de iniciativas que sexa posible a prol do noso idioma, iniciativas tales como a deste proxecto.

Por todo isto o Pleno Municipal do Concello de Lugo manifesta a súa vontade para sumar a institución municipal lucense ao proxecto APEGO."

Seguidamente entrábase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes acordos:

1/92 **ACTA ANTERIOR.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** aprobar as actas correspondentes ás sesións celebradas os días 21 de decembro de 2015 e 28 de xaneiro de 2016, respectivamente.

A) PARTE RESOLUTIVA

FACENDA LOCAL

2/93 **LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUNHA**

2

NAVE SEN USO DEFINIDO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA P4.2, PRESENTADA POR JOSÉ ÁNGEL ACEVEDO EN REPRESENTACIÓN DE AGRÍCOLA ACEVEDO, S.L.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** INADMITIR A TRÁMITE a solicitude na que se insta a declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave sen uso definido no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela P.4.2, presentada por José Ángel Acevedo, en representación de AGRÍCOLA ACEVEDO, S.L., con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas par os efectos da súa motivación.

3/94 LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCIÓN DUNHA NAVE SEN USO DEFINIDO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA P4.3, PRESENTADA POR JOSÉ ÁNGEL ACEVEDO EN REPRESENTACIÓN DE AGRÍCOLA ACEVEDO, S.L.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** INADMITIR A TRÁMITE a solicitude na que se insta a declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave sen uso definido no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela P.4.3, presentada por don José Ángel Acevedo, en representación de AGRÍCOLA ACEVEDO, S.L., con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

4/95 LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCIÓN DUNHA NAVE SEN USO DEFINIDO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA K.4.4, PRESENTADA POR ÓSCAR MARIO LÓPEZ MATO EN REPRESENTACIÓN DE LUCLIMAT, S.L.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** INADMITIR A TRÁMITE a solicitude na que se insta a declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave sen uso definido no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela K.4.4, presentada por don Óscar Mario López Mato, en representación de LUCLIMAT, S.L., con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

5/96 LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCIÓN DUNHA NAVE SEN USO DEFINIDO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA K.4.3, PRESENTADA POR ÓSCAR MARIO LÓPEZ MATO EN REPRESENTACIÓN DE LUCLIMAT, S.L.- O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** INADMITIR A TRÁMITE a solicitude na que se insta a declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave sen uso definido no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela K.4.3, presentada por don Óscar Mario López Mato, en representación de LUCLIMAT, S.L., con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas par os efectos da súa motivación.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap06

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-5-2016

6/97 **LICENZAS URBANÍSTICAS.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE SEN USO DEFINIDO NO PARQUE EMPRESARIAL DE AS GÁNDARAS, PARCELA O6.2, PRESENTADA POR JOSÉ MANUEL SEIJAS REGUERA EN REPRESENTACIÓN DE VENDING LUCUS, S.L.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA** INADMITIR A TRÁMITE a solicitude na que se insta a declaración de especial interese ou utilidade municipal da construción dunha nave sen uso definido no Parque Empresarial de As Gándaras, parcela O.6.2, presentada por don José Manuel Seijas Reguera, en representación de VENDING LUCUS, S.L., con base nas argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas para os efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

7/98 **EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2016.-** O Excmo. Concello Pleno, de conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, **ACORDA** aprobar o recoñecemento e liquidación das obrigas seguintes incorporadas ó presente expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito por importe total esixible de 1.256.443,71 € (total imputado orzamentariamente: 1.256.254,08 €; IVE repercutido non imputado orzamentariamente -deducible-: 189,63 €), con cargo ás aplicacións orzamentarias, conceptos, e importes seguintes:

CÓDIGO FACTURA	NIF/CIF	PROVEEDOR	NÚMERO DE FACTURA	APLICACIÓN ORZAM	IMPORTE Orzamentario	IVE DED.
R010288/16	B39702436	VIESGO COMERCIALIZADORA U.R. SL	322487056 e outras	16520.22100	186,12	
R037431/15	B39540760	E.ON ENERXIA SL	208512590	16100.22100	902,99	189,63
10155	G27029180	ASOCIACION ANTIGOS ALUMNOS RAMÓN FALCÓN	01	33801.22699	12.000,00	
10878	A15000649	LA VOZ DE GALICIA SA	000196	23150.22602	246,72	
9735	A79524054	URBASER SA	27501FACT160020	16210.22799	298.717,09	
9736	A79524054	URBASER SA	27501FACT160021	16210.22799	333.116,23	
9737	A79524054	URBASER SA	27501FACT160022	16210.22799	556.344,70	
R024839/14	B27274943	CANALUGO SL	66	15300.61100	8.970,14	
R041172/14	B27274943	CANALUGO SL	113	15300.61100	6.525,03	
9695	B27303254	INTELIGENCIA VISUAL SL	14329	33000.22799	15.996,20	
R068118/15	B27303254	INTELIGENCIA VISUAL SL	14318	33000.22699	2.541,00	
815	33538823Q	UXIA AGUIAR BALLESTEROS	7	15000.22706	1.785	
R051431/14	B27446038	ABEAL GESTIÓN ENERGÉTICA SL	14-040	23166.21200	1.815,00	
R061872/14	B27446038	ABEAL GESTIÓN ENERGÉTICA SL	14-053	33430.21200	1.452,00	

11121	B70055504	MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN SLU	2378	92009.22799	8.428,70	
R014024/16	A15007750	DIELECTRO INDUSTRIAL SAU	00/110197	16510.21300	619,33	
R062558/15	B27239417	UNICOPIA SL	15426	33000.22699	998,25	
R058773/15	A27005834	CAMPESA SA	744	45910.21000	1.162,98	
R058774/15	A27005834	CAMPESA SA	701	45910.21000	1.165,04	
R055580/15	A27003250	PREBETONG LUGO SA	1619046577	15300.21000	257,17	
R062616/15	A27003250	PREBETONG LUGO SA	1619046655	45910.21000	112,12	
R058971/15	A27003250	PREBETONG LUGO SA	1619046618	45910.21000	137,19	
R061860/14	33305506B	JESÚS FERNÁNDEZ NÚÑEZ	2224	45910.21000	846,88	
R014800/16	32621607V	GERMÁN LAGO GONZÁLEZ	1/2015	13200.22699	1.560,00	
R012538/16	45420836E	MARCO ALCOLADO SANCHEZ	0129/15	13500.21300	368,20	
SUBTOTAL					1.256.254,08	189,63
TOTAL					1.256.443,71	

PROPOSICIÓN

8/99 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 142/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUN PLAN ESPECÍFICO E UNHA ORDENANZA PARA COMBATER O PROBLEMA DOS GORRILLAS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular, coa redacción resultante da emenda aceptada durante o debate, e, en consecuencia, **ACORDA** que o Concello de Lugo elabore no menor prazo posible un plan específico e unha ordenanza de civismo que inclúa medidas sociais e reeducadoras que teñan por finalidade, entre outras, buscar a solución a práctica dos gardacacoches ilegais ou gorrillas

9/100 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 145/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE LUGO OPTE A SER “CIDADE CREATIVA DA GASTRONOMÍA” DENTRO DA REDE DE CIDADES CREATIVAS DA UNESCO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Lugonovo e, en consecuencia, **ACORDA** impulsar a candidatura da cidade de Lugo a Cidade Creativa da Gastronomía pola Unesco, coa creación dun grupo de traballo integrado por persoas expertas en diferentes materias relacionadas coa agroalimentación.

10/101 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, NÚMERO 152/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á MUNICIPALIZACIÓN DO SERVIZO DE GUINDASTRE.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Popular e, en consecuencia, **ACORDA** convocar de maneira urxente e en todo caso antes de 15 días a Comisión de Estudo para a

ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap06

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-5-2016

municipalización do servizo de retirada de vehículos, creada a raíz do acordo número 10/118 do Pleno celebrado o 24 de setembro de 2015.

11/102 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASAMBLEAS ABERTAS, NÚMERO 154/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A EXECUCIÓN DE HORTOS URBANOS MUNICIPAIS.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas e, en consecuencia, **ACORDA** iniciar, coa maior brevidade, os trámites para que o concello de Lugo conte con hertos urbanos de xestión municipal.

12/103 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS-PARTIDO DE LA CIUDADANÍA, NÚMERO 155/2016 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á CREACIÓN DUN PLAN DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E INDUSTRIAL.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Solicitar ao Equipo de Goberno a realización e posta en marcha dun Plan de Desenvolvemento Industrial durante este mandato, co obxectivo de favorecer a creación e atracción de novas industrias a nosa cidade, que teña en conta tanto as debilidades existentes na cidade para tratar de darlles solución (oferta de suelo industrial dispoñible, baixas expectativas de emprego, perda de poboación, rede de comunicacións...) como as nosas fortalezas para promocionálas e que sirvan de atractivo para as empresas (posición xeográfica, recursos propios, universidade, sector turístico...).

SEGUNDO.- Este Plan, liderado polo Concello, basearase na colaboración coas organizacións sociais, sindicais e empresariais, sendo a súa participación indispensable para un mellor coñecemento da realidade actual e para un eficaz desenvolvemento do mesmo.

TERCEIRO.- Este Plan terá como obxectivo principal o desenvolvemento, creación e atracción de industrias innovadoras, sostibles, eficaces enerxéticamente e respectuosas co medio ambiente e co noso entorno natural e cultural, que xeren empregos de calidade e que contribúan a crear novas oportunidades. Deberán ser prioritarias aquelas de alto contido tecnolóxico e as que contribúan a xerar valor engadido e potenciar os sectores primarios tradicionais mediante a transformación e comercialización de materias primas locais.

CUARTO.- Un dos factores clave deste Plan ten que ser a colaboración coa Universidade, como fonte de coñecemento, proveedora de recursos especializados e como potencial de numerosos proxectos empresariais.

QUINTO.- Na elaboración das estratexias deste Plan contarase coa participación de todos os grupos municipais representados neste Concello, e tamén doutras administracións públicas (Deputación Provincial, Xunta de Galicia, Goberno Central e Goberno europeo) para garantir mellores e máis eficaces resultados ao longo do tempo.

13/104 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL LUGONOVO, NÚMERO 157/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CREACIÓN DUN REXISTRO DE SOLARES E CONSTRUCIÓN EN RUÍNA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición do Grupo Municipal Lugonovo, coas modificacións introducidas pola emenda aceptada, e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Inventariar, antes de que finalice o ano en curso, todas aquelas construcións que teñan expedientes de ruína iniciados, tendo en conta aquelas actuacións prioritarias por razóns de emerxencia.

SEGUNDO.- Posta en marcha, ao longo do mesmo período, dun rexistro de solares no que se inclúan de maneira preferente os solares e construcións en ruínas, unha vez que se constate que as medidas de execución forzosa resultaron ineficaces para o seu cumprimento.

TERCEIRO.- Proceder á inmediata aplicación do disposto no articulado do Capítulo I do Título VI de Fomento de Edificación, Conservación e Rehabilitación, que contempla a devandita Lei do Solo de Galicia.

14/105 PROPOSICIÓN DO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 158/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA FACER EFECTIVO O DEREITO Á VIVENDA.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Mixto (ACE-EU) e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Realizar un censo municipal de vivendas baleiras para iniciar a creación dun Parque Público de Vivendas de Aluguer Social que o Concello poida utilizar tamén para alugueres sociais temporais e realoxamento de emerxencia, atendendo a criterios de necesidades sociais e económicas.

SEGUNDO.- Estudar a posibilidade de recargar o IBI ata o máximo que permite a Lei sobre vivendas baleiras propiedade de bancos e empresas.

TERCEIRO.- Creación dunha Coordinadora Municipal de Vivenda, que aglutine todos os temas relacionados co dereito á vivenda, para garantir un enfoque completo e coordinado. Este órgano debe contar coa figura dun mediador entre os afectados pola hipoteca e as entidades bancarias e financeiras con apoio do Concello, así como con unha oficina antidesafuzamentos.



ACTAS E GOBERNO

MGF/jch

Refª: 16extractoap06

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 26-5-2016

CUARTO.- Non contratación do Concello con Bancos e Entidades Financeiras que desafiúcen a xente das súas casas.

QUINTO.- Que o municipio de Lugo sexa declarado municipio libre de desafiuzamentos.

SEXTO.- Que ningunha institución ou órgano dependente do Concello de Lugo, así como a súa Policía Local, participe en desafiuzamentos, e que se proceda á exención do pago da taxa cando se levante un atestado por temas hipotecarios.

SÉTIMO.- Que o Concello de Lugo non embargue para pagos de obrigas municipais pensións, prestacións ou axudas sociais.

15/106 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 159/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á CREACIÓN DUN NOVO CENTRO PÚBLICO DE MAIORES NO CONCELLO.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición presentada polo Grupo Municipal Socialista e, en consecuencia, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Esixir á Xunta de Galicia que inicie de inmediato os trámites para a construción dunha residencia de maiores no Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Instar á Xunta de Galicia á concertación dun número de prazas de maiores acordos á demanda actual mentres non se poña a disposición dos lucenses a reclamada residencia pública.

16/107 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, NÚMERO 160/2016 DE REXISTRO DE PLENO, CARA A INSTAR Á XUNTA DE GALICIA, AO MINISTERIO DE FOMENTO E A ADIF A QUE DEAN UN TRATO IGUALITARIO Á CIDADANÍA DE LUGO E IMPULSEN A CONSTRUCIÓN DA ESTACIÓN INTERMODAL.- O Excmo. Concello Pleno aproba a proposición do Grupo Municipal Socialista e, en consecuencia, **ACORDA** instar á Xunta de Galicia a que retome os trámites necesarios, paralizados sen motivo aparente, para a construción da estación intermodal na cidade de Lugo nas mesmas condicións que o está a facer no resto das grandes cidades da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

17/108 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 15 DE ABRIL DE 2016, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓN.

INTERVENCIÓN

8

18/109 **DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EXERCICIO 2015.-**

19/110 **DACIÓN DE CONTA DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Ó PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016.-**

COMPARECENCIAS

20/111 **SOLICITUDE DE COMPARECENCIA EN PLENO DO DELEGADO DA ÁREA DE EDUCACIÓN E INFRAESTRUTURAS URBANAS, FORMULADA POLO GRUPO MIXTO (ACE-EU), NÚMERO 135/2016 DE REXISTRO DE PLENO, PARA EXPLICAR A SITUACIÓN DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN MUNICIPAL.-** O Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude de comparecencia do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, para dar as explicacións pertinentes sobre a situación dos comedores escolares de xestión municipal, como máximo responsable municipal nesta materia, debendo incluírse este asunto na orde do día da vindeira sesión que celebre a Corporación Municipal.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

